## Calendario de IGUALDADE

| | < 50 Empr. | >= 50 Empr. |
|---|---|---|
| • Elaborar **un Plan de Igualdade** | **Recomendable** | **Obrigatorio dende 07 / 03 / 2022** |
| • Dispoñer dun **Protocolo de Prevención e Tratamento do Acoso** | **Obrigatorio dende L.O. 3/2007** | |

## É NECESARIO abordar estes proxectos?

**Non é unha MODA pasaxeira**

- É unha normativa **impulsada polos Organismos Europeos** que sen dúbida seguirá desenvolvéndose

É necesario **CUMPRIR a normativa** para:

- **Evitar sancións**
- Ter dereito a **subvencións, bonificacións** e calquera outra prestación das AA. Públicas
- **Contratar** con entidades do sector público

**É ÚTIL para a Empresa**

- Implica una revisión dos procesos organizativos (selección, retribucións, formación,...)
- **Oportunidades de Mellora** xorden desta revisión:
  - Ordenar as retribucións con criterios máis obxectivos
  - Reorganizar procesos para conseguir mellores resultados
  - Identificar potenciais traballadores
- **Mellora a imaxe** exterior da Empresa
- **Avaliación POSITIVA das Empregadas/os**

## Subvencións da Xunta de Galicia CONSELLERÍA DE PROMOCIóN DO EMPREGO E IGUALDADE

Nos últimos exercicios a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publica anualmente a Orde que establece as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE) cos códigos de procedemento TR357B, TR357C e TR357D).

En convocatorias anteriores, a través destas axudas cubríase:

- a) **Ata o 80 % dos custos que comporte o proceso de diagnose** previa da empresa cun máximo de 3.000 € nas empresas de ata 20 persoas traballadoras, e ata de 5.000 € nos demais supostos.
- b) **Ata o 80 % dos custos derivados da elaboración dun plan de igualdade**, cun máximo de 1.500 € nas empresas de ata 20 persoas traballadoras, e ata de 3.000 € nos demais supostos.
- c) **Ata o 80 % dos custos derivados da implantación das medidas prioritarias** previstas na primeira fase do plan de igualdade cun custo máximo de 1.000 € nas empresas de ata 20 persoas traballadoras, e ata 2.000 € nos demais supostos.
- d) **Unha contía de 12.000 € pola contratación,** como mínimo, dun ano **dunha persoa experta en igualdade.**

Información xeral
http://igualdade.xunta.gal

Información axudas
http://igualdade.xunta.gal/gl/axudas

# A IGUALDADE NA EMPRESA

## Un reto a alcanzar

- **Plan de Igualdade e Protocolo AntiAcoso**
- **Beneficios e Responsabilidade dos Empresarios**

GABINETE TÉCNICO DE Igualdade

Co financiamento de:

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA · cel Confederación de Empresarios de Lugo · XUNTA DE GALICIA · SEPE

# Como se fai un PLAN de IGUALDADE

## Comunicación e Apertura da Negociación

- Formalización do **Compromiso** da Dirección
- **Comunicación** á Organización
- Constitución da **Comisión Negociadora**

## Diagnose

### Análise Cuantitativa

**Análise** dos Datos

- Xeral (idade, estudos,...)
- Remuneracións
- Contratación / Extinción
- Formación
- Promocións
- Plan de Carreiras
- Conciliación

### Análise Cualitativo

**Formulario** e **Entrevistas** coa Dirección e Traballadoras/es

### Auditoría Retributiva

- Identificación dos **Postos**
- Valoración dos **Factores** para cada posto
- **Cálculo do Valor** de cada posto en puntos e en €

## Plan de Igualdade

### Elaboración do Plan

- **Identificación de Accións**
- **Definición** de cada Acción:
  - Descrición en detalle
  - Custos asociados
  - Indicadores de seguimento
  - Período de revisión
  - Responsable
  - Datas

### Aprobación e Rexistro

- **Negociación e Aprobación** coa Comisión de Igualdade
- Nomeamento da **Comisión de Seguimento e Avaliación**
- **Rexistro** do Plan de Igualdade

# PROTOCOLO de PREVENCIÓN e TRATAMENTO do ACOSO - Fases

## Activación:

- Apertura do Expediente
- Reunión Comisión de Trámite
- Nomeamento Instrutor

## Instrución:

- Entrevistas
- Recollida da información
- Asesoramento experto

## Resolución:

- Informe de Conclusións
- Adopción de Medidas: disciplinarias, protección, reeducadoras,..
- Comunicación a Organismos (se procede)

**Medidas Cautelares:**

Avaliar a separación da vítima / Cambio de posición ou quenda / Establecer pautas de seguimento / Atención facultativa

GABINETE TÉCNICO DE Igualdade

CEEG CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cel Confederación de Empresarios de Lugo

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL SEPE